

Suxestión á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas.

Nome: Plan especial de reforma interior do SUNC-232 Beiramar-Alfageme, Vigo

Tipoloxías: Outro planeamento urbanístico

Código: 2803/2025

Expediente: 2025AAE3035

Promotores: ABANCA SA, Aliseda SA, Inversiones Inmobiliarias Canvives SA

Órgano substantivo: Concello de Vigo

Eu, Daniel Uxío Reinoso Maset, con D.N.I. [REDACTED], licenciado en Historia e veciño de Vigo, solicito que:

A) O **xardín que rodea a vivenda dos donos** no complexo Alfageme de Bouzas , **sexa protexido co nivel “Estrutural”, conservado e reutilizado** debido ao seu innegable interese histórico, cultural e paisaxístico.

B) **A totalidade deste espazo axardinado que rodea sexa “Sistema Local Espazos Libres”**. Isto é, que se inclúa no “Sistema Local Espazos Libres” os aproximadamente 200 m² deste xardín que se está a proxectar integrar no cuarteirón “C.2c” con “Uso lucrativo: terciaririo, dotacional e outros usos compatibles”.

C) **Non se permita a construción de ningún aparcamento no subsolo deste sector do xardín** ao oeste da vivenda,

D) Tamén **se protexa e conserve o gran magnolio** existente neste sector de xardín ao oeste da vivenda dos donos, impedíndose a construción de aparcamento soterrado ou outra instalación soterranea nesta área do xardín e incluso nunha área circundante que se determine segundo un estudo ou criterio técnico axeitado.

E expoño que:

1) Na documentación presentada para o desenvolvemento deste PERI, ao xeito do “estudo específico” esixido pola DXPC no informe emitido o 02/05/2023, hai unha **“Memoria: Catálogo de bens do patrimonio”**.

Esta “Memoria”, así como outros apartados da documentación presentada polos promotores, é **deficiente historiográficamente**, incurríndose en múltiples **erros de**

identificación, datación e relacións dos diferentes edificios e os demais elementos do conxunto.

Esta “Memoria: catálogo” esquece publicacións de referencia no asunto como son o libro Alfageme. Historia e memoria (Carmona, Xan; Iglesias, Xosé Ramón e López, Mariña). Ed. Instituto de Estudios Vigueses. Vigo. 2020; o libro Las familias de la conserva (Carmona Badía, Xan; Coord.). Pontevedra: Ed. Deputación de Pontevedra e ANFACO-CECOPECA, 2011.; e a ficha do Catálogo de Vigo Industrial (<https://www.vigoindustrial.com/copia-de-alfageme-f017>). de conservar o patrimonio cultural, implica un menor consumo de materiais e enerxía, menor volume de refugallo e emisións contaminantes.

2) Nesta “Memoria: Catálogo”, asegúrase tendenciosamente que o único xardín con valor é que merece ser protexido e conservado é o que está fronte a fachada do edificio principal (páx. 16, “Se observamos as imaxes históricas o único xardín que se proxectou como tal, con carácter ornamental e propósito de recreo”). Cando en realidade, **se observamos as imaxes históricas** (ver anexo I), **os tres sectores con xardín foron sempre tratados con igual esmero e evolucionaron de forma conxunta**, e os tres sectores por igual cumprían as funcións de ornamento, recreo e representación da marca empresarial.

3) O xardín anexo a vivenda é tamén inxustamente abordado nesta “Memoria: Catálogo” (páx. 16, “un elemento residual que non aporta interese dentro do conxunto), obviándose as súas particularidades e o seus valores, e a súa relación co resto do conxunto fabril-residencial.

Hai que comprender que este xardín é realmente o “xardín da vivenda”, o xardín da familia. Obsérvase a pérgola-ceador que aparece nas fotografías aéreas das décadas 1950, 60 e 70. Reparese na varanda de cantería que delimita este xardín, e como se estende polas escaleiras do acceso principal a vivenda. Apercibase en que á entrada principal a vivenda dos donos é a través dese xardín, cara o oeste, de costas á fábrica (ver anexo II).

Por último, **expoño que:**

4) Conservar este sector de xardín co inmenso magnolio, e non construír aparcamentos ou outra instalación soterrada, é unha solución con moito menor impacto ambiental que a demolición e reconstrución proxectada. xa que amais do impacto positivo de conservar o patrimonio cultural e natural e manter o solo con capacidade de

infiltración, implica un menor consumo de materiais e enerxía, e un menor volume de refugallos e emisións contaminantes.

Anexo I: fotografía aérea.



Voo americano de 1946



Voo americano de 1956-7.



Vistas aérea de la fábrica, 1970. Colección Museo da conserva.



Vista aérea de la fábrica, 1970. Colección Museo da conserva.



Visita do ministro de pesca soviético durante a 1ª World Fishing Exhibition. 17-sept-1973. Colección de Vigo Industrial.



Vista aérea de la fábrica, 1990.
Colección Museo da conserva.



Anexo II: fotografía actual.





